



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SESION PLENARIA Extraordinaria urxente

Día venres 25 de xuño de 2021,

No MULTIUSOS CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:25 horas do día venres 25 de xuño de 2021, a fin de celebrar Sesión Extraordinaria urxente convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ROBERTO REY MARTÍNEZ	79314640Z	PP
MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

; baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA SESIÓN PLENARIA.-

Posto de manifesto polo Sr. alcalde e os concelleiros da oposición que recibiron a convocatoria da sesión plenaria cun día hábil de antelación procédese a votar o carácter urxente da sesión plenaria contando co seguinte resultado:

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
3 PSOE
1 BNG



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

O carácter urgente da sesión ordinaria queda ratificado pola maioría dos concelleiros presentes.

2.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA ADQUISICIÓN DE TRACTOR CON PA. Ratificación acordo Xunta de Goberno Local.

O Sr. alcalde procede a dar lectura da proposta de alcaldía a cal se reproduce literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDIA

Asunto: SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA ADQUISICIÓN DE TRACTOR CON PA. Ratificación acordo Xunta de Goberno Local.

Considerando o texto do acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar en data de 30/03/2021 o cal se se reproduce literalmente:

"3.2. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PARA A COMPRA DE TRACTOR CON PA.

Vista Memoria Valorada e Detallada do proxecto para a adquisición dun tractor con pa mediante convenio coa Deputación da Coruña,

Visto informe da secretaria interventora onde se establece que se trata dun investimento financeiramente sostible e que o Concello dispón de financiamento suficiente no orzamento do 2021 para soportar a parte do orzamento do proxecto non subvencionada pola Deputación.

De conformidade co artigo 22.2) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o acordo da delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar dita memoria valorada así como a solicitude á Deputación da Coruña para a súa inclusión dentro das AXUDAS ECONÓMICAS MEDIANTE CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Segundo.- Ratificar dito acordo na primeira sesión Plenaria que se celebre.

Terceiro.- Remitir este Acordo á Excm. Deputación da Coruña aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes adoptan os acordos sinaldados."

Polo exposto PROPOÑO ao concello en Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ratificar o texto do acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar en data de 30/03/2021 ca adopción dos seguintes acordos.

SEGUNDO.- Aprobar dita memoria valorada así como a solicitude á Deputación da Coruña para a súa inclusión dentro das AXUDAS ECONÓMICAS MEDIANTE CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de financiar o 20% do orzamento.

CUARTO.- Certificar o presente acordo e remitir dita certificación."

O Sr. alcalde explica o contido dos documentos que integran a solicitude da subvención así como o financiamento da mesma.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta sobre o obxecto concreto da subvención, en qué consiste a substitución do equipo?

O Sr. alcalde contesta que se trata de substituír o tractor en atención a mellorar a prestación do servicio.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE pregunta si ao tractor se lle poden engadir outros utensilios aos efectos de realizar outros traballos necesarios no concello.

O Sr. alcalde contesta que se trataría dunha inversión a ter en conta se ben agora a necesidade prioritaria é a de contar co tractor e para engadir outros utensilios sería necesaria a contratación de persoal axeitado e formada para utilización de tales utensilios.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.diaoruna.es

O voceiro do grupo municipal do BNG indica que hai tres brazos de desbrozadoras.

O concelleiro do grupo municipal do PP, Manuel Ferreiro Marzoa contesta que hai un parado e os outros dous foron comprados do Fondo de Compensación Ambiental.

Finalizado o debate, procédese á votación resultando o seguinte:

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
3 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Ratificar o texto do acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar en data de 30/03/2021 ca adopción dos seguintes acordos.

SEGUNDO.- Aprobar dita memoria valorada así como a solicitude á Deputación da Coruña para a súa inclusión dentro das AXUDAS ECONÓMICAS MEDIANTE CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de financiar o 20% do orzamento.

CUARTO.- Certificar o presente acordo e remitir dita certificación.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:43 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.Ángela María Viqueira Allo.